

## O MAR NA ESCOLA 2013-14

### 1. CONTEXTUALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

Este proxecto é o resultado das inxerencias de docentes e técnicos deportivos por incluír no currículo de Coñecemento do Medio e en Educación Física una forma innovadora de achegalos aos seus contidos principais, introducindo o mar e o seu coidado, coñecemento e conservación a través da práctica do deporte da vela.

### 2. ÁMBITO XEOGRÁFICO

Costa da Morte e Ría de Muros e Noia.

### 3. TEMPORALIZACIÓN

Marzo, abril e maio 2014. 6 sesións por grupo.

### 4. OBXECTIVOS XERAIS DA ACTIVIDADE

Formar, educar e divulgar a navegación a vela para acadar una práctica activa.

Completar o currículo formativo dos xóvenes en idade escolar a través do desenrolo dun proxecto pedagóxico de vivencias e coñecementos do mar, empregando as actividades físicas dende a súa expresión máis universal como medio para o desenrolo e formación do alumnado.

Inculcar novos hábitos en relación co mar e aumentar o interese polas actividades náuticas.

Espertar novos intereses sobre o medio natural "o mar", descubriendo novos valores sobre o uso construtivo do tempo libre no medio ambiente natural.

Adquirir unha serie de coñecementos sobre o mar e o vento que permitan o inicio da práctica dunha modalidade deportiva, familiarizándose con novas formas de disfrutar do mar navegando.

Iniciarse na competición deportiva a través de modelos de competición axeitados ao nivel dos participantes, achegándolles á mesma coma unha actividade para o seu disfrute.

Facilitar a continuidade da práctica deportiva da navegación a vela.

### 5. CONTIDOS

O programa consta de dous bloques:

"Observación do Entorno": abrangue o mar, o vento, as mareas, a costa, o barco, nomenclatura náutica, os rumbos, a navegación a vela.

"Coidado e Conservación do Medio Marino", a cargo dunha

bióloga (biodiversidade en mares e océanos, órganos microscópicos, órganos macroscópicos...).

Ademáis, propóñense as seguintes "Actividades Alternativas":

- **VOO CON COMETAS** (moito vento: dirección, intensidade, rachas, encalmadas...).
- **TALLER DE CHAVEIROS MARIÑEIROS** (Choiva).
- **REALIZACIÓN DE NÓS** (manexo de cabos, anuar, des-anuar, realizar os nós máis frecuentes).
- **KAYAKS** (según o vento).
- **MANEXO DA EMBARCACIÓN** (inerxia, correntes, vento...).
- **EQUILIBRIO, CONFIANZA.**

### 6. ESTRUTURACIÓN DA ACTIVIDADE:

Medios técnicos: local para sesións teóricas, equipos (chalecos, roupa de auga), embarcacións de vela lixeira cos seus aparellos e apéndice, neumática de seguridade, equipos de comunicación.

**Embarcacións:** 2 Barcos Escola, 3 Topaz, 2 Optimist, 14 kayaks de mar.

### 7. CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios técnicos.

### 8. INSCRIPCIÓNS E INFORMACIÓN

**Cataventos Escuela de Vela**

**Teléfono:** 666 36 93 24 / 652 97 16 67

**Web:** [www.cataventos.net](http://www.cataventos.net)

**Email:** [info@cataventos.net](mailto:info@cataventos.net)